



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: XVI Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

CONVOCATORIA: XVI Xornada de formación práctica dixital (E-martes): 4 maio

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/04/2021 - 08:00h ao 26/04/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

- O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. Neste grupo de persoas destinatarias priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.
- A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.

PROGRAMA

A XVI Xornada de formación práctica dixital (E-martes) que terá lugar o vindeiro martes, 4 de maio de 2021 abordará os seguintes contidos:

- Notificacións electrónicas. Sistema de notificacións electrónicas de Galicia: notifica.gal.
- Identificación dixital (certificados dixitais e Chave).
- Sede electrónica.

A formación será impartida nunha primeira parte teórica e común aos dous grupos de persoas destinatarias e nunha posterior parte práctica adaptada a cada grupo nas aulas de informática da escola.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para a selección das prazas do colectivo de persoal empregado público da Administración autonómica terán prioridade as persoas con funcións directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada.

Fóra deste criterio específico para o grupo de persoal empregado público, a orde de admisión virá determinada para esta xornada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

De acordo co disposto no punto 6.2 e 6.3 da convocatoria:

2. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen (Administración autonómica, para o persoal empregado público da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais, ou cidadanía, no caso de non ser persoal empregado público).

3. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas da actividade solicitada e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 04/05/2021 a 04/05/2021

NUM. PRAZAS: 29

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NATALIA SOLAR JIMENO

Rodrigo Maquieira Bermejo

Javier Pardo Gómez

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 3 (Informática): O día 04 de maio de 13:00 a 14:00. O día 04 de maio de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 04 de maio de 11:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: O día 04 de maio de 11:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 13 (Informática): O día 04 de maio de 13:00 a 14:00. O día 04 de maio de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA